



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE TUI PARA PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Tui o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Tui na programación e execución das actuacións de mellora e modernización dos centros públicos de educación infantil, educación primaria e educación especial do Concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

O artigo 8.1 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4), de educación*, dispón que **as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións, cada unha no ámbito das súas competencias, para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación** e contribuír aos fins establecidos nela.

A disposición adicional décimo quinta punto 1 da mesma norma prevé o establecemento de procedementos e instrumentos que favorezan e estimulen a **xestión conxunta coas administracións locais** e a colaboración entre os centros educativos e as administracións públicas.

A disposición adicional segunda da *Lei 5/2014, do 27 de maio (DOG do 30), de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local*, regula consonte as previsións da normativa básica estatal, a **cooperación económica, técnica e administrativa**, voluntaria pola súa propia natureza, **entre a Administración local e a Administración da Comunidade Autónoma.**





O Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG do 3 de agosto), polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, configura os **protocolos de colaboración** no seu artigo 2.3.d) como instrumentos que conteñen acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e asimílaos para os efectos da súa inscrición aos convenios ou instrumentos de colaboración ou cooperación.

Esta chamada á **colaboración interadministrativa** en asuntos de interese común e interrelación competencial resulta especialmente indicada no caso do tratamento das **necesidades materiais dos inmobles destinados a centros de educación de titularidade municipal** nos que concorren as referidas competencias municipais de conservación e mantemento coas da Comunidade Autónoma na súa condición de administración educativa titular das competencias atribuídas polo artigo 31 do *Estatuto de Autonomía de Galicia*.

A disposición adicional décimo quinta punto 2 da *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4), de educación* atribúe aos concellos as **competencias de conservación e mantemento** dos inmobles que albergan centros docentes de educación infantil, primaria e especial de titularidade municipal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria electronicamente, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

